

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0615	Deseño de interfaces web	2023/2024	9	157	188

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	RODRIGO ÁLVAREZ GONZÁLEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Referencia legislativa:

Esta programación desenvólvese seguindo fundamentalmente as prescricións establecidas no decreto 109/2011, do 12 de maio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web. A competencia de título en xeral consiste en desenvolver, implantar e manter aplicacións web, con independencia do modelo empregado, e utilizando tecnoloxías específicas, garantindo o acceso aos datos de xeito seguro e cumprindo os criterios de accesibilidade, usabilidade e calidade esixidos nos estándares establecidos.

Este módulo está relacionado coa unidade de competencia UC0491_3: desenvolver elementos de software no contorno cliente e contén a formación necesaria para desempeñar a función de desenvolvedor de aplicacións destinadas á súa execución por navegadores en contornos web, a cal abrangue aspectos como:

- Planificación da interface web de acordo con especificacións de deseño.
- Creación e mantemento dos elementos da interface.
- Aplicación das guías de estilo.
- Cumprimento dos criterios de accesibilidade e usabilidade no desenvolvemento de aplicacións web.

Entorno socioeconómico:

O IES A Pinguela está situado nas aforas de Monforte de Lemos, polo que temos que considerar que o contorno profesional, social, cultural e económico do centro é o do Val de Lemos, aínda que é habitual recibir alumnos de outras vilas das provincias de Lugo e Ourense principalmente. Unha cuestión a ter moi en conta é a escasez de empresas da comarca que traballan no sector tecnolóxico. Isto supón que os alumnos terán que estar, en moitos casos, máis dispostos a desprazarse para facer as prácticas en empresas e comezar a desenvolver a súa carreira profesional.

Características do alumnado:

O tipo de alumnado que recibe este tipo de ensinanza, principalmente:

- Xa realizaron outro ciclo formativo relacionado coa informática.
- Proven do Bacharelato e non ten moi claro se quere facer unha carreira universitaria.
- Acceden mediante proba de acceso.

A porcentaxe de alumnos que accede polas distintas vías é moi variable, existindo un maior número de mozos que de mozas.

Como ferramenta aconsellable para cursar estes estudos, a práctica totalidade dos alumnos posúe ordenador na casa e a maioría con conexión a internet.

En xeral, podemos dicir que os alumnos chegan cun grao de motivación adecuado pero con bastante formación respecto ós contidos dos módulos que van cursar.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Planificación de interfaces gráficas	Planificación de interfaces web, valorando especificacións de deseño	15	8
2	Uso de estilos	Creación de interfaces web homoxéneas, definindo e aplicando estilos	62	33
3	Implementación de contidos multimedia	Preparación de ficheiros multimedia para a web	32	17
4	Integración de contido multimedia e interactivo	Integración de contido multimedia en documentos web	38	20
5	Accesibilidade Web	Desenvolvemento de interfaces web accesibles	19	10
6	Usabilidade Web	Desenvolvemento de interfaces web amigables	22	12

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Planificación de interfaces gráficas	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica a creación dunha interface web, para o que valora e aplica especificacións de deseño.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñeceuse a importancia da comunicación visual e os seus fundamentos.
CA1.2 Analizáronse e seleccionáronse as cores e as tipografías adecuadas para a súa visualización en pantalla.
CA1.3 Analizáronse alternativas para a presentación da información en documentos web.
CA1.4 Valorouse a importancia de definir e aplicar a guía de estilo no desenvolvemento dunha aplicación web.
CA1.5 Utilizáronse e valoráronse aplicacións para o deseño de documentos web.
CA1.6 Utilizáronse marcos, táboas e capas para presentar a información de xeito ordenado.
CA1.7 Creáronse e utilizáronse patróns de deseño.
CA1.8 Presentación do Módulo. Metodoloxía de avaliación.

4.1.e) Contidos

Contidos
Presentación do Módulo. Metodoloxía de avaliación.
Elementos do deseño: textura, cor, tipografía e iconas. Percepción visual.
Interacción entre persoa e computador.
Interpretación de guías de estilo: elementos.
Xeración de documentos e sitios web. Compoñentes dunha interface web. Aplicacións para desenvolvemento web. Linguaxes de marcas. Mapa de navegación. Prototipos. Maquetación web. Elementos de ordenación. Patrón de deseño.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Uso de estilos	62

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Crea interfaces web homoxéneas, para o que define e aplica estilos.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Recoñecéronse as posibilidades de modificar as etiquetas HTML.
CA2.2 Definíronse estilos de xeito directo.
CA2.3 Definíronse e asociáronse estilos globais en follas externas.
CA2.4 Definíronse follas de estilos alternativas.
CA2.5 Redefiníronse estilos.
CA2.6 Identificáronse as propiedades de cada elemento.
CA2.7 Creáronse clases e identificadores de estilos.
CA2.8 Utilizáronse ferramentas de validación de follas de estilos.
CA2.9 Utilizouse e actualizouse a guía de estilo.

4.2.e) Contidos

Contidos
Estilos en liña baseados en etiquetas e en clases.
Creación e vinculación de follas de estilo en cascada. Follas de estilo auditivas.
Follas de estilo para imprimir.
Ferramentas e test de verificación.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Implementación de contidos multimedia	32

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Prepara ficheiros multimedia para a web, para o que analiza as súas características, manexando ferramentas específicas.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Recoñecéronse as implicacións das licenzas e dos dereitos de autor no uso de material multimedia.
CA3.2 Identificáronse os formatos de imaxe, audio e vídeo que cumpra utilizar.
CA3.3 Analizáronse as ferramentas dispoñibles para xerar e manipular contido multimedia.
CA3.4 Empregáronse ferramentas para o tratamento dixital de imaxes.
CA3.5 Utilizáronse ferramentas para manipular audio e vídeo.
CA3.6 Realizáronse animacións a partir de imaxes fixas.
CA3.7 Importáronse e exportáronse imaxes, audio e vídeo en diversos formatos, segundo a súa finalidade.
CA3.8 Aplicáronse guías de estilo para adaptar ficheiros multimedia para a web.

4.3.e) Contidos

Contidos
Tipos e formatos de imaxes máis axeitados para a web.
Dereitos da propiedade intelectual: licenzas, lei da propiedade intelectual e dereitos de autor.
Software para crear e procesar imaxes. Optimización de imaxes para a web.
Audio: formatos e conversións (exportar e importar).
Vídeo: codificación de vídeo, formatos e conversións (exportar e importar).
Animacións. Animación de imaxes e texto.
Integración de audio e vídeo nunha animación.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Integración de contido multimedia e interactivo	38

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Integra contido multimedia en documentos web e valora a súa achega, para o que selecciona adecuadamente os elementos interactivos.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñecéronse e analizáronse as tecnoloxías relacionadas coa inclusión de contido multimedia e interactivo.
CA4.2 Identificáronse as necesidades específicas de configuración dos navegadores web para soportar contido multimedia e interactivo.
CA4.3 Utilizáronse ferramentas gráficas para o desenvolvemento de contido multimedia interactivo.
CA4.4 Analizouse o código xerado polas ferramentas de desenvolvemento de contido interactivo.
CA4.5 Agregáronse elementos multimedia a documentos web.
CA4.6 Engadiuse interactividade a elementos dun documento web.
CA4.7 Verificouse o funcionamento dos elementos multimedia e interactivos en distintos navegadores.

4.4.e) Contidos

Contidos
Elementos multimedia e interactivos.
Soporte de contido multimedia e interactivo nos navegadores web.
Comportamentos dos elementos multimedia e interactivos.
Ferramentas gráficas para o desenvolvemento de contido multimedia interactivo.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Accesibilidade Web	19

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Desenvolve interfaces web accesibles, para o que analiza as pautas establecidas, aplicando técnicas de verificación.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Recoñeceuse a necesidade de deseñar webs accesibles.
CA5.2 Analizouse a accesibilidade de diversos documentos web.
CA5.3 Identificáronse as principais pautas de accesibilidade ao contido.
CA5.4 Analizáronse os posibles erros segundo os puntos de verificación do nivel de conformidade.
CA5.5 Alcanzouse o nivel de conformidade desexado no deseño de webs accesibles.
CA5.6 Verificáronse os niveis alcanzados de accesibilidade web mediante o uso de tests.
CA5.7 Verificouse a visualización e accesibilidade da interface con diversos navegadores e tecnoloxías.

4.5.e) Contidos

Contidos
Accesibilidade web.
Principios xerais de deseño accesible.
Pautas de accesibilidade ao contido na web.
Técnicas para satisfacer os requisitos definidos na accesibilidade ao contido web. Prioridades, puntos de verificación e niveis de conformidade.
Métodos para realizar revisións preliminares e avaliacións de adecuación ou conformidade de documentos web.
Ferramentas de análise de accesibilidade web.
Comprobación da accesibilidade web desde diferentes navegadores.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Usabilidade Web	22

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Desenvolve interfaces web amigables, para o que analiza e aplica as pautas de usabilidade establecidas.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Valorouse a importancia do uso de estándares na creación de documentos web.
CA6.2 Analizáronse técnicas para verificar a usabilidade dun documento web.
CA6.3 Analizouse a usabilidade de diversos documentos web.
CA6.4 Verificouse a facilidade de navegación dun documento web mediante diversos periféricos.
CA6.5 Verificouse a usabilidade da interface web creada en diversos navegadores e tecnoloxías.
CA6.6 Modificouse a interface web para a adecuar ao obxectivo que persiga e aos usuarios a quen vaia dirixida.

4.6.e) Contidos

Contidos
Concepto de usabilidade de documentos web.
0Navegación doadamente lembrada fronte a navegación redescuberta.
Facilidade de navegación na web.
Verificación da usabilidade en diversos navegadores e tecnoloxías.
Técnicas de análise da usabilidade de documentos web.
Ferramentas e tests de verificación da usabilidade de documentos web.
Identificación do obxectivo da web.
Tipos de usuario.
Barreiras identificadas polos usuarios.
Información doadamente accesible.
Velocidade de conexión.
Importancia do uso de estándares.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para alcanzar unha avaliación positiva serán os indicados nas unidades didácticas.

Para acadar unha cualificación o máis obxectiva posible en relación á consecución dos resultados de aprendizaxe descritos no currículo do ciclo formativo, empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

- Avaliación inicial: ó principio de curso farase un cuestionario inicial para ter constancia dos coñecementos dos que parten os alumnos.

- Avaliación continua: ó longo de cada trimestre, levaranse a cabo unha serie de probas para determinar os resultados de aprendizaxe dos alumnos, correspondentes ás unidades didácticas de cada trimestre. Para elo, empregaranse os instrumentos que se detallan a continuación:

* Exercicios prácticos: ó longo do curso o profesor poderá requirir a entrega dos exercicios e prácticas efectuados na clase, nos cales se valorará tanto o produto final como o desempeño na súa realización. Cada avaliación farase a media dos exercicios entregados (ponderada en función das horas asignadas nesta programación), a cal deberá ser igual ou superior a 5 sobre 10; en caso contrario considerarase suspensa a avaliación do trimestre. A cualificación obtida neste apartado suporá un 35% da nota final da avaliación, a criterio do profesor en función da súa dificultade, e sempre que estime que se realizaron de xeito individual e nos prazos establecidos.

* Probas parciais: trátanse de probas teórico-prácticas que permitan avaliar a consecución dos obxectivos de unha ou varias unidades didácticas. Cada avaliación farase a media das probas parciais mencionadas (ponderada en función das horas asignadas nesta programación), sempre e cando se obteña unha puntuación mínima dun 5 sobre 10 en todas elas; en caso contrario considerarase suspensa a avaliación do trimestre. A cualificación obtida neste apartado suporá un 65% da nota final da avaliación.

Se nalgunha unidade non se tiveran en conta exercicios ou traballos, a porcentaxe deste apartado sumárase o de probas parciais.

Se nalgunha unidade non se tivera en conta a proba teórico-práctica, a porcentaxe deste apartado sumárase a de exercicios e traballos.

Para determinar a nota da avaliación teranse en conta as 2 partes explicadas máis arriba das unidades didácticas vistas no periodo de que se trate (ponderando coas porcentaxes indicadas en cada parte). Se algunha unidade estivese suspensa (nota menor que 5) a nota da avaliación sería 4, aínda que a media das unidades fose maior que 5.

- Avaliación final: trátase dunha proba teórico-práctica para avaliar tódolos resultados de aprendizaxe do módulo. A este exame poderán presentarse aqueles alumnos que perdan o dereito á avaliación continua e os alumnos que teñan algunha avaliación suspensa. Estes últimos só se avaliarán das partes que non haxan superado ó longo do curso.

- Nota final: para o cálculo da nota final do módulo realizarase a media das notas de cada unidade didáctica (ponderada en función das horas asignadas nesta programación).

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Como medidas de recuperación do módulo farase un exame de recuperación por cada avaliación suspensa, das unidades didácticas non superadas. Este exame terá lugar no momento da AVALIACIÓN FINAL e, adicionalmente, pódese facer unha recuperación dentro da propia avaliación do trimestre, sempre e cando haxa tempo para facela e o profesor así o considere oportuno.

Tamén a criterio do docente, poderase pedir unha serie de traballos e/ou actividades que permitan comprobar mellor os resultados de aprendizaxe do alumno.

O alumno deberá superar cunha cualificación igual ou superior a 5 sobre 10, todos os exames feitos na AVALIACIÓN FINAL.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Un alumno perderá o dereito á avaliación continua se ten un número de faltas de asistencia non xustificadas superior ó 10% do número total de horas do módulo.

Neste caso non terá dereito a avaliarse canda os seus compañeiros nas probas establecidas ó longo do curso e deberá presentarse na AVALIACIÓN FINAL á proba ou conxunto de probas que o profesor determine necesarias para a superación do módulo. Para acadar unha avaliación positiva o alumno deberá obter ó menos unha nota de 5 en cada unha das probas.

Esta/s proba/s, de natureza teórico-práctica, versará sobre os contidos tratados nas correspondentes unidades didácticas, e a súa avaliación realizarase empregando os mesmos procedementos e criterios especificados nesta programación, para os alumnos que se avalíen de xeito ordinario.

Opcionalmente, se o profesor o considera oportuno, pódese requirir a entrega dun traballo e/ou actividades desenvolvidas durante o ano. O protocolo de actuación neste caso será, en liñas xerais, o seguinte:

- Facer un seguimento das sesións perdidas e os contidos concretos impartidos nesas sesións.
- Propor actividades presencias ou non presenciais, segundo a natureza dos contidos non recibidos.
- Correxir as actividades entregadas e orientar o alumnado en solucións, etc.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Esta programación é, en certa medida, dinámica. Desta forma preténdese facilitar a adaptación do método didáctico ás particularidades do curso no que se imparta, como poden ser o nivel de partida e as capacidades do alumnado, as características materiais e de espazos do centro, etc. Por este motivo a programación estará sometida a un proceso de continua revisión por parte do profesorado ó longo do curso.

A presente programación avaliarase a través dos seguintes documentos:

- Enquisa para a avaliación do profesor, que é unha autoavaliación dos alumnos da materia sobre as actividades docente realizadas polo profesor.
- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Na reunión de departamento que se celebra mensualmente, realizarase o seguimento e control das programacións, tomando as medidas oportunas se fose o caso.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as actuacións derivadas das posibles incidencias referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que, entre outros temas, trátase da porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao inicio do curso, faranse unha serie de preguntas ao alumnado para comprobar o seu coñecemento dos contidos que se verán ao longo do curso. Desta forma será mais fácil realizar certas adaptacións nos contidos e métodos de avaliación empregados nas unidades didácticas, para que se adecúen ó coñecemento e/ou capacidades xerais do grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para favorecer a atención ás necesidades educativas específicas no grupo de alumnos, preténdese que a programación sexa o mais flexible e aberta posible, de forma que favoreza os cambios que o profesor debe introducir para dar resposta ás diferencias individuais en estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses ou dificultades de aprendizaxe.

Como medidas de atención á diversidade adoptaranse as seguintes:

- Fomento del traballo práctico.
- Creación dun ambiente de traballo que favoreza a autonomía e o traballo en grupo. Si este clima se produce, o profesor dispón de máis tempo para identificar ós alumnos que precisan axuda e reaccionar da forma mais conveniente en cada caso.
- Agrupamentos flexibles e ritmos distintos.
- Metodoloxías diversas nas formas de enfocar as exposicións e actividades.
- Actividades diferenciadas e adaptadas ás motivacións e necesidades dos alumnos.
- Actividades de reforzo en grupos pequenos.

As medidas de reforzo educativo terán como obxectivo potenciar aqueles coñecementos e procedementos, englobados nos contidos mínimos esixibles, que non foron superados polos alumnos nas diferentes probas de avaliación e recuperación desenvolvidas ó longo do curso. Para elo proporanse:

- Exercicios específicos para os alumnos que non acaden os contidos mínimos esixibles.
- Exercicios de consolidación para os alumnos que, habendo acadado os contidos mínimos esixibles, teñan certas dificultades nalgúns contidos e/ou procedementos.

Os alumnos con necesidades educativas especiais que requiran determinados apoios e atencións educativas, específicas por padecer discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, ou por manifestar graves trastornos da personalidade o de conducta, terán unha atención especializada, con acordo ós principios de non discriminación e normalización educativa.

Como medidas individuais, para os alumnos estranxeiros que descoñezan a lingua e cultura do lugar, ou que presenten graves carencias en coñecementos básicos, fomentarase a lectura de libros e catálogos de carácter técnico.

Cos alumnos superdotados intelectualmente, para que as actividades non resulten desmotivadoras, será maior o grao de esixencia nos aspectos científicos e de deseño dos contidos. Ademais, unha vez satisfeitos os obxectivos básicos, se proporán actividades complementarias que estimulen a súa creatividade e autonomía, propoñendo exercicios de maior complexidade sobre aspectos de maior dificultade, e supervisando a realización correcta dos mesmos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Tendo en conta que o perfil profesional para o que se está formando ós alumnos, está encamiñado eminentemente ó traballo en grupo, procurarase inculcar ou fomentar ós alumnos unha serie de valores que favorezan este aspecto, como poden ser: respecto polas normas sociais existentes, respecto ós compañeiros, responsabilidade no traballo, puntualidade, limpeza e pulcritude, etc.

Asimismo, considérase importante tratar ó longo do curso, unha serie de temas transversais que melloren a calidade dos futuros profesionais da informática:

- En primeiro lugar, en cada actividade inclúense precaucións e recomendacións para tomar as medidas de seguridade e hixiene que sexan necesarias. O manexo do ordenador entraña riscos, principalmente para a vista e para a espalda, sen esquecer os riscos psicolóxicos derivados do seu abuso.
- Debido a que moitos dos manuais técnicos están dispoñibles exclusivamente en inglés, considérase necesario que o alumno posúa uns coñecementos básicos deste idioma, polo menos a nivel de traducción. Ademais, dada a importancia que este idioma ten nos procesos de

selección de persoal no mundo laboral, fomentarse a súa aprendizaxe e práctica.

- Con motivo da escasa vida útil dos equipos informáticos, procurarase que o alumno tome conciencia da importancia de traballar con materiais reciclables e a recollida de material antigo para a súa reutilización.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Como complemento do desenvolvemento dos contidos do currículo, pódense plantexar dous tipos de actividades:

- Complementarias: polo menos unha vez por trimestre, tense pensado traballar na biblioteca, para que os alumnos se familiaricen cos contidos que soen aparecer en revistas técnicas de informática. Desta forma preténdese fomentar un hábito para manterse actualizados en canto a novas ou artigos de actualidade relacionados co sector da computación (especialmente si teñen relación coa materia en cuestión).

- Extraescolares: non está prevista ningunha actividade desta índole. No caso de que ó longo do curso se celebre algunha conferencia relacionada co módulo que poida ser interesante, valorarase a posibilidade de asistir a esta.

Estas actividades tratarán de achegar ó alumnado á realidade da empresa e a situación dos departamentos de informática dentro delas. Tamén están encamiñadas a fomentar a relación entre eles e outros grupos.

10. Outros apartados

10.1) Constancia de información ao alumnado

A presentación do módulo con información relativa á programación didáctica (obxectivos, contidos, criterios de avaliación, cualificación, procedementos e mínimos esixibles) está colgada na Web do Instituto a disposición de toda a comunidade educativa. Deste feito son informados os alumnos e pais nas respectivas guías.

10.2) Docencia non presencial

No caso de que haxa necesidades de desenvolver as clases de forma non presencial, empregaranse as seguintes ferramentas:

- Aula virtual do módulo. Nela iranse publicando os contidos e tarefas que teñen que entregar os alumnos para traballar a UD de que se trate. Tamén se empregará como medio de comunicación.

- Ferramentas de videoconferencia. Programaranse sesións a través das ferramentas de videoconferencia que se consideren máis axeitadas como medio complementario á anterior de forma que, na medida do posible, as clases sexan tan interactivas e dinámicas como si foran presenciais.